



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 9 de maio de 2012.
HORA DE COMEZO: 20.30 horas
HORA DE REMATE: 23.30 horas.

ASISTENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez
Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona María Dolores García Couto .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Ninguén.

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o Alcalde don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo Secretario en funcións don Jesús Buján Varela, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Declaración de nulidade do acordo plenario relativo ó anticipo do aboamento do canon a percibir polo concello nas anualidades 2012 – 2020.**
- 3. Recurso de reposición presentado polo representante municipal do BNG contra o acordo do aboamento do canon acordado no pleno do 14-03-2012.**
- 4. Baixa do servizo da emisora municipal de F.M.**

5. **Aprobación do Regulamento Interno de Acción Voluntaria do Concello de Boqueixón.**
6. **Aprobación da Ordenanza reguladora dos prezos polo transporte colectivo a través do transporte metropolitano.**
7. **Informe de morosidade do primeiro trimestre do 2012.**
8. **Aprobación do presuposto xeral municipal 2012.**
9. **Aprobación dos nomes de rúas na parroquia de Lestedo.**
10. **Concesión da medalla de ouro ao mérito empresarial a Don José Santos Couto e a Don Orlando Vázquez Fernández.**
11. **Mocións números 1225, 1226, 1227 e 1228 do BNG.**
12. **Información da alcaldía.**
13. **Rogos e Preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior.

Cos votos a favor de todos os concelleiros, apróbbase por unanimidade a acta da sesión que tivo lugar o día 14/03/2012.

2. Declaración de nulidade do acordo plenario relativo ó anticipo do aboamento do canon a percibir polo concello nas anualidades 2012 – 2020.

O Pleno de corporación na sesión que tivo lugar o día 14 de marzo de 2012, cos votos a favor de todos os representantes do PP e en contra dos representantes do BNG e do PS de G., acordou aceptar o estudo económico presentado pola adxudicataria do servizo de abastecemento de auga, Espina&Delfín, relativo ao adianto do canon a favor do concello ás anualidades 2012 – 2020; o que supón un ingreso para o concello de 907.653,04 €; deducir deste importe a cantidade correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica da ETAP Orto e bombeo do río Ulla e asumir esta facturación polo consumo de enerxía a partires de 2020.

Este acordo foi adoptado con informe desfavorable de Secretaría – Intervención e na sesión plenaria, a raíz do debate xurídico, xa se prantexou solicitar informe a Deputación provincial.

Solicitado o referido informe, con data 24 de abril 2012, rexistro entrada 12/1129, recíbese no concello día 16 de abril do 2012, do servizo de asistencia económica a municipios da Deputación.

Do referido informe dedúcese claramente que o acordo adoptado é nulo de pleno dereito ou, cando menos, anulable nalgún dos seus apartados.

A diferenza entre ambas medidas estriba en que o acto nulo de pleno dereito non produce efectos e o prazo para iniciar a revisión non ten límite de tempo, pois como establece o artigo 102.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, as Administracións, en calquera momento, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativas. Para declarar esta nulidade é necesario informe previo do Consello Consultivo. Sen embargo, a anulabilidade supón unha potestade revisora, polo que require acordo plenario que declare a lesividade do acto para o interese público, e posteriormente impugnalo na vía contenciosa administrativa. O prazo máximo para declarar a lesividade é de 4 anos desde que se ditou o acto administrativo, e esixe a previa audiencia aos interesados.

Á vista do referido informe da Deputación, no cal se indica claramente:

- 1- Que coa acumulación do canon a favor do concello, co fin de realizar algúns investimentos para obras de ampliación pendentes, estaríamos ante un suposto de nulidade de pleno dereito.
- 2- Que o adianto do canon a satisfacer ao concello pode considerarse tamén un suposto de nulidade de pleno dereito, e por suposto de non consideralo tal, si é indiscutible que se trata dun acto anulable.
- 3- Que deducir do canon o importe da facturación polo consumo da enerxía eléctrica da ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla e que desde o ano 2020, dito consumo será con cargo ó concello, estaríamos ante un caso de nulidade de pleno dereito e cando menos, de anulabilidade.

Dedúcese, polo tanto, que se pode considerar que todo o acordado na sesión plenaria que tivo lugar o día 14 de marzo do 2012, no seu punto núm. 4 da orde do día (aboamento do canon de abastecemento nas anualidades 2012 - 2020) é nulo de PLENO DEREITO.

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

- 1) Declarar nulo o acordo da sesión plenaria, que tivo lugar o día 14 de marzo do 2012, no seu punto núm. 4 da orde do día (aboamento do canon de abastecemento nas anualidades 2012 - 2020).
- 2) Solicitar informe, ós organismos correspondentes, no cal se indique se os gastos de explotación (gasto eléctrico da potabilizadora e dos bombeos) correrán a cargo do adxudicatario ou do concello.

3. Recurso de reposición presentado polo representante municipal do BNG contra o acordo do aboamento do canon acordado no pleno do 14-03-2012.

Antecedentes:

- 1- O pleno da corporación celebrado o 14 de xullo de 2011 acordou adxudicar o contrato de abastecemento de auga a Espina y Delfín.
- 2- O pleno celebrado o 11 de xaneiro 2008 acordou ampliar o citado contrato ata o ano 2043, aínda que a subvención a percibir pola empresa concesionaria segue manténdose en 0,0554n €/m³ incrementado no IPC.
- 3- O pleno da corporación en sesión celebrada o 16 de decembro de 2011 acordou aprobar a Ordenanza Reguladora da taxa polo abastecemento de auga, incrementando as tarifas do ano 2011 nun 3'2% que corresponderá a empresa adxudicataria máis o 28% sobre o importe resultante do anterior incremento, que corresponderá ao concello para facer fronte ao custo da enerxía eléctrica pola depuradora de Orto e o bombeo do río Ulla.
- 4- O pleno celebrado o 14 de marzo de 2012, acorda aceptar o estudo económico presentado pola empresa adxudicataria para adiantar o aboamento do canon que corresponde ao concello durante a vixencia do contrato, ás anualidades 2012-2020, deducindo o importe correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica pola E.D.A.R de Orto e o bombeo do río Ulla. A partir de 2020, a facturación do citado consumo de enerxía será a cargo do concello.

- 5- Con data 13 de abril 2012, rexistro de entrada 12/1007, o representante do BNG no pleno da corporación, presenta recurso contra o canon de abastecemento nas anualidades 2012-2020 aprobado no punto cuarto do pleno do 14 de marzo de 2012.

Consideracións xurídicas e técnicas.

- 1- Artigo 211.3 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais que establece “o prazo para interpoñer recurso de reposición polos concelleiros e membros das corporacións locais que votasen en contra do acordo, contarase desde a data da sesión na que se tivera votado o acordo”. Polo que o recurso presentado polo sr. Canabal está dentro do prazo.
- 2- O informe da deputación da Coruña de data 16 de abril 2012 recibido no concello o 24 de abril 2012 rexistro de entrada 12/1129 no cal se indica claramente a anualidade do acordo adoptado.
- 3- O informe desfavorable de secretaría – intervención de data 7 de marzo do 2012 que xa constaba no expediente plenario do 14 de marzo 2012.

Ademais, na mesma sesión plenaria do 9 de maio do 2012 proponse incoar a revisión de oficio do acordo adoptado no punto cuarto do pleno do 14 de marzo do 2012.

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase que o escrito de impugnación se aprobe na totalidade dos seus dous puntos.

4. Baixa do servizo da emisora municipal de F.M.

O pleno, que tivo lugar o 22 de xuño de 1993, acordou solicitar á Consellería de Presidencia unha subvención con destino á dotación de equipos para o servizo de radiodifusión sonora de ondas métricas con modulación de frecuencia.

O Pleno, en sesión do 22 de xuño de 1994, acorda completar o expediente da emisora local FM e aproba o proxecto de xestión do servizo así coma o seu regulamento interno. O día 30 de maio do 1997 recíbese no concello un escrito, da Dirección de Medios de Comunicación Social e Audiovisual, autorizando provisionalmente o proxecto técnico de instalacións da emisora municipal de FM en Boqueixón.

Actualmente a radio municipal non está en funcionamento aínda que a taxa pola reserva de dominio público radioeléctrico continuase devengando e o concello debe aboar a correspondente taxa, cuxo importe ascende a 100 euros por ano.

Preténdese que o concello non teña que aboar a taxa, tendo en conta que o servizo de radio municipal non está en funcionamento.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade acórdase :

- 1- Dar de baixa o servizo da emisora municipal de F.M. de Boqueixón (Radio Municipal).
- 2- Comunicar este acordo á dirección xeral de medios de comunicación social e audiovisual da Xunta de Galicia.
- 3- Dar de baixa, así mesmo, a taxa pola reserva de dominio público radioeléctrico.

5. Aprobación do Regulamento Interno de Acción Voluntaria do Concello de Boqueixón.

O apoxeo experimentado nos últimos anos da participación e implicación cidadá no desenvolvemento do concello, lévanos a elaborar un regulamento que recoñeza a iniciativa social cidadá como un valor a incentivar dentro do noso Estado social e democrático de Dereito.

Como resultado do aumento desta responsabilidade social, xurde un incremento importante de persoas voluntarias que participan de xeito activo e directo na sociedade, realizando actos altruístas ó amparo de entidades organizadas, co obxectivo de elevar a calidade de vida.

As entidades de acción voluntaria son, historicamente, as precursoras dos valores de solidariedade, responsabilidade e progreso implícitos ó voluntariado, converténdose nas principais vías de canalización do movemento voluntario.

O presente Regulamento, nace co fin de regular a acción voluntaria que se poida desenvolver desde o propio Concello de Boqueixón e como apoio e complemento á desenvolvida polo tecido asociativo local.

Marco normativo

A Carta Social Europea propón no artigo 14 estimular a participación dos individuos e das organizacións benéficas ou doutro tipo na creación e mantemento de servizos que contribúan ó benestar e desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade.

A Constitución Española, no artigo 9.2, di que corresponde ós poderes públicos facilitar a participación de toda a cidadanía na vida social, cultural, económica e social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 recolle en termos semellantes o precepto constitucional do artigo 9.2. da Constitución española, así como en disposicións sectoriais a normativa referida ó voluntariado, dirixida preferentemente a regular as relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de voluntariado. Así, tanto a Lei 3/1987, de 27 de maio de servizos sociais, como a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e o máis recente Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, reflicten disposicións que afectan ó voluntariado.

A nivel estatal, a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do Voluntariado formula como obxectivo promover e facilitar a participación solidaria dos cidadáns en actuacións de voluntariado, no seo de organizacións sen ánimo de lucro públicas ou privadas.

A nivel autonómico, a Lei 10/2011, do 28 de novembro, de Acción Voluntaria, establece como obxecto a ordenación e o fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos.

Cos votos a favor dos representantes do Partido Popular e do BNG e coa abstención do PS de G. acórdase:

1) Aprobar o seguinte Regulamento interno de Acción Voluntaria do Concello de Boqueixón, engadindo o artigo 9 proposto polo representante do BNG :

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación ós programas, proxectos ou actuacións de voluntariado que, no seu termo municipal ou fóra del, promova e desenvolva directamente o Concello e/ ou as entidades públicas que dependan del ou das que forme parte.

Quedan excluídas, polo tanto, do seu ámbito de aplicación os programas, proxectos ou actuacións de voluntariado desenvolvidos por outras organizacións públicas ou privadas, aínda que foran promovidos ou financiados, total ou parcialmente, polo Concello.

Artigo 2.- Definición do voluntariado municipal

2.1. Enténdese por voluntariado municipal, ós efectos do presente Regulamento, o conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas no ámbito territorial do Concello, sempre que estas accións cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.
- b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.
- c) Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ó reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan
- d) Que se leve a efecto en función de programas concretos promovidos polo Concello.

2.2. Para os efectos deste Regulamento non terán a consideración de acción voluntaria:

- a) As actividades que sexan realizadas de forma espontánea así como as consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.
- b) As que sexan prestadas de xeito illado ou esporádico, prestadas con carácter individual e executadas por razóns familiares, de amizade ou veciñais.
- c) As desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcional de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais na entidade, a non ser cando quen as leve a cabo conserve a condición de persoa voluntaria e as desenvolva en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación por elas.

2.3. A actividade do voluntariado non poderá substituír en ningún caso o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

Artigo 3.- Funcións das persoas voluntarias

3.1. Para os efectos deste Regulamento, ten a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria promovida polo Concello.

3.2. A actuación das persoas voluntarias enmárcase no ámbito da acción voluntaria realizada nos proxectos e actividades desenvolvidos no concello.

3.3. As funcións das persoas voluntarias no marco da institución municipal concréntanse do seguinte xeito:

- a) Participación no deseño e avaliación dos proxectos e/ou actuacións nas que se incorpore.
- b) Participación no deseño e/ou divulgación das campañas que se poñan en marcha relacionadas co voluntariado.
- c) Realización das actividades propias dos proxectos ós que estea adscrito.

Artigo 4.- Dereitos e deberes da persoa voluntaria

4.1. Dereitos da persoa voluntaria

A persoa voluntaria ten os seguintes dereitos

- a) Ser tratada sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Ser informada e formada, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.
- d) Recibir a información, formación, asesoramento, apoio técnico e medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades e tarefas que se lles asignen.
- e) Participar de xeito activo na planificación, o deseño, a execución e a avaliación dos programas en que participe.
- f) Acordar libremente coa entidade o contido e condicións da súa actividade voluntaria, podendo variar as súas características de permitilo as circunstancias.
- g) Estar asegurada mediante póliza que cubra tanto os riscos de accidentes como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Ser reembolsada ou compensada polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias.
- i) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria e a que o devandito certificado se remita ó Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poder acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.
- j) Obter o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- k) Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- l) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico, especialmente na Lei 10/2011, de acción voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.2. Deberes das persoas voluntarias

A persoa voluntaria ten as seguintes obrigas:

- a) Realizar a súa actividade consonte o establecido neste Regulamento.
- b) Observar as medidas de saúde e seguranza que se adopten.
- c) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.

- d) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizándoa consonte ás normas e principios establecidos neste Regulamento.
- e) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un axeitado desenvolvemento da acción voluntaria.
- f) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colabore.
- g) Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade, respectando os fins, obxectivos e normativa interna.
- h) Rexeitar calquera contraprestación que poida recibir pola súa actividade.
- i) Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade, así como proceder á súa devolución cando finalice a actividade.
- j) Coidar e facer bo uso dos recursos que se poñan á súa disposición para o desenvolvemento das actividades.
- k) Notificar a renuncia á súa condición de persoa voluntaria coa antelación previamente acordada co fin de que se poidan adoptar as medidas necesarias para evitar prexuízos para as actividades en que participen e os colectivos ós que estas se dirixan.
- l) Os demais deberes establecidos no ordenamento xurídico, especialmente na Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5.- Obrigas da entidade responsable dos programas de voluntariado

O Concello de Boqueixón, ou entidade pública dependente del ou da que forme parte que promova e desenvolva programas de voluntariado, estará obrigado a:

- a) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e o réxime de funcionamento interno da entidade de acción voluntaria.
- b) Cubrir os gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- c) Cumprir os acordos establecidos coas persoas voluntarias no seu compromiso de colaboración.
- d) Facilitarlles ás persoas voluntarias unha acreditación que as habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- e) Expedir, logo da solicitude da persoa interesada, un certificado que acredite a súa condición de persoa voluntaria. Por pedimento da persoa interesada, e logo de autorización de cesión dos seus datos persoais, remitiráselle unha copia desta certificación ó Rexistro de Acción Voluntaria.
- f) Garantirlles ás persoas voluntarias a realización das súas actividades nas debidas condicións de hixiene e seguranza, en función da súa natureza e características, así coma o establecemento das pertinentes medidas de prevención de riscos.
- g) Subscribir unha póliza de seguros que cubra ás persoas voluntarias dos riscos de accidentes derivados do desenvolvemento da actividade voluntaria, así coma ós terceiros por danos e perdas eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio da devandita actividade.
- h) Facilitar a participación das persoas voluntarias na elaboración, no deseño, na execución e na avaliación dos programas nos que interveñan.
- i) Redactar anualmente unha memoria e un plan de actividades co contido que se estableza regulamentariamente.

- j) Levar un rexistro interno de altas, baixas e outras incidencias nas que se poidan atopar as persoas voluntarias, con especificación dos programas e os proxectos nos que colaboran e a natureza das actividades que desenvolven.
- k) Garantir a información, a orientación, a formación e o asesoramento adecuado das persoas voluntarias que colaboren coa entidade para acadar a maior eficacia na súa actividade, así como dotalas dos medios precisos.
- l) Efectuar o seguimento e a avaliación das actividades programadas.
- m) Cumprir as restantes obrigas que deriven do establecido no resto do ordenamento xurídico.

6.- Organización do voluntariado municipal

6.1. Requisitos das persoas voluntarias

Poderán ser voluntarios/as todas aquelas persoas físicas maiores de idade, e as menores a partir dos 14 anos debidamente autorizadas pola/s persoa/s que ostenten a patria potestade ou titoría, ou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto en todos os casos á vontade da ou do menor. Asemade deberán cumprir os requisitos de acceso pertinentes, nos que se especifiquen a dispoñibilidade horaria e o perfil persoal así coma os coñecementos e a formación necesaria para participar nos programas de voluntariado.

6.2. Da súa incorporación

- a) A incorporación da persoa voluntaria ó programa farase sempre previa solicitude por escrito da persoa interesada.
- b) O servizo municipal responsable do programa fará a valoración oportuna co obxectivo de asignar as persoas voluntarias ós proxectos máis axeitados, tendo en conta os intereses persoais do voluntario/a, o seu perfil e as necesidades propias de cada proxecto.
- c) A incorporación formalizarase por escrito, mediante un acordo de colaboración no que se establezan o carácter altruísta da relación, a suxeición ó réxime legal da acción voluntaria, os dereitos e deberes de ambas partes, a identificación da persoa responsable do programa no que se integre a persoa voluntaria, os programas ou actividades nas que a persoa voluntaria se compromete a colaborar así coma o tempo de adicación e a duración do compromiso, a información sobre as posibilidades de acreditación da súa participación como persoa voluntaria, os fins e obxectivos da entidade, o prazo de antelación con que a persoa voluntaria lle deberá comunicar ó concello a súa renuncia ó compromiso, os mecanismos de control e supervisión da/s actividade/s, a formación necesaria para o desenvolvemento de programas, proxectos ou actividades específicas, a obriga de confidencialidade dos datos persoais e información á que teña acceso a persoa voluntaria no desenvolvemento da súa actividade e as causas que motivarían a exclusión da persoa voluntaria e a escisión do vínculo co Concello.

6.3. Da acreditación

- a) As persoas voluntarias disporán dos distintivos que acrediten a súa condición.
- b) A acreditación será expedida polo Concello e conterá os datos identificativos da persoa voluntaria.
- c) A persoa voluntaria devolverá a acreditación persoal ó Concello ó remate do seu compromiso.

6.4. Do seguro

Subscribirase, con cargo ó Concello, unha póliza de seguro que cubra os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das

súas actuacións coma os accidentes que poidan sufrir no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.

6.5. Das baixas no programa

a) A relación de colaboración voluntaria co programa de voluntariado municipal finalizará:

- a petición propia por parte da persoa voluntaria con un mínimo de 15 días de antelación
- por declaración de incapacidade
- por estar inhabilitado/a para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme
- por exclusión do programa ou perda de calquera requisito de acceso á incorporación da persoa voluntaria
- pola inobservancia do establecido na Lei 10/2011 de Acción Voluntaria.

b) Considérase baixa temporal a ausencia inferior a 3 meses que teña motivos xustificadas e que fora comunicada oportunamente.

c) Será causa de baixa definitiva a petición da persoa interesada, a non comparecencia da mesma por un tempo superior a 4 meses, sen causa xustificada, á actividade que teña asignada, ou o incumprimento, con carácter grave ou reiterado, dos deberes ós que se compromete mediante o acordo de colaboración.

d) Acordada e notificada a baixa á persoa interesada, procederase ó reintegro da acreditación.

e) En todo caso expedirase, previa petición da persoa interesada, un documento no que consten os servizos prestados.

6.6. Mecanismos de control e supervisión

a) O departamento ou servizo responsable do programa de voluntariado municipal levará a cabo o seguimento e a avaliación da acción voluntaria.

b) No caso de incumprimento dos deberes adquiridos no acordo de colaboración, en especial no que faga referencia á atención das persoas beneficiarias dos programas ou actividades, poderase sancionar a conduta da persoa voluntaria e no seu caso excluila do programa, sempre que incorra nalgunha das causas previstas neste artigo.

Artigo 7.- Formación das persoas voluntarias

Co obxectivo de conseguir que a acción voluntaria poida ser de calidade, levaranse a cabo accións formativas en tres liñas de actuación:

- a) Formación básica
- b) Formación específica
- c) Outras actividades formativas: obradoiros, charlas, conferencias, etc.

Artigo 8.- Uso de linguaxe non sexista

O persoal que coordina o programa municipal de voluntariado do Concello de Boqueixón utilizará sempre unha linguaxe non sexista tanto na súa función laboral como nas relacións coas persoas voluntarias e usuarias así como coa administración.

Artigo 9. Compromiso co galego.

O servizo de acción voluntaria potenciará e fomentará o uso da lingua galega, en consonancia co disposto na lei de normalización lingüística e demais textos normativos referidos á lingua.

Disposición final

ÚNICA: O presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o art. 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2) Expoñer o regulamento ao público durante 30 días mediante publicación no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

3) Consideralo definitivamente aprobado no caso de que non se presenten reclamacións e publicar o texto no BOP.

6. Aprobación da Ordenanza reguladora dos prezos polo transporte colectivo a través do transporte metropolitano.

O Pleno da corporación en sesión que tivo lugar o 10 de marzo do 2010 aprobou o convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Santiago de Compostela.

Na estipulación terceira do convenio establécense os diferentes títulos de transporte : billete sinxelo, tarxeta metropolitana de Galicia (TMG) e tarxeta metropolitana de Galicia Social (TMGS).

A tarxeta metropolitana de Galicia social é unha variante da tarxeta metropolitana de Galicia con bonificación de carácter social.

A pretensión é regular a contía das axudas así como ós beneficiarios das mesmas.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e do PS de G. e coa abstención do BNG, acórdase :

1) Aprobar a seguinte Ordenanza Reguladora dos Prezos polo Transporte Colectivo para o Desprazamento e a Intercomunicación a través do Transporte Público :

Artigo 1.- Obxecto

1. A presente normativa ten como obxecto a regulación do réxime de concesión das axudas ao transporte colectivo por parte do Concello de Boqueixón, coa intención de promover e facilitar no seu ámbito territorial a mobilidade, o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte público.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

1. As axudas ás que fai referencia esta ordenanza serán de aplicación en tódolos medios de transporte público incluídos no Anexo Técnico do II Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, que o Concello de Boqueixón ten asinado coa Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, e serán de aplicación exclusiva naquelas viaxes que teñan como orixe ou destino o Concello de Boqueixón.

Artigo 3.- Títulos de viaxe

1. A estes efectos tan só será considerado válido como título de viaxe a Tarxeta Metropolitana de Galicia Social (TMG Social).
2. Os títulos de viaxe expediranse con carácter nominativo e serán de uso exclusivo do seu titular, que tan só poderá ser titular dunha única TMGS expedida por calquera dos concellos que integran a área de Transporte Metropolitano de Santiago, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigado a comunicar ao concello a súa perda ou deterioro coa finalidade de proceder á súa anulación e substitución.
3. A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza quedan expresamente anulados cal queira outros títulos, bonos ou tarxetas expedidos polo concello coa finalidade de subvencionar o transporte público aos particulares.

Artigo 4.- Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios, previa solicitude nos servizos correspondentes do concello:
 - a) As persoas maiores de sesenta e cinco anos, sen actividade laboral, que acrediten esta empadroada no Concello de Boqueixón no momento da súa solicitude ou que acredite o seu empadroamento en calquera dos concellos da Área Transporte Metropolitano de Santiago, nos doce meses anteriores á solicitude da axuda e teñan uns ingresos persoais non superiores a 1,5 veces o valor do IPREM.
 - b) As persoas en situación de desemprego que cumpran os seguintes requisitos:
 - 1.- Atoparse inscrito como demandante de emprego, de xeito ininterrompido durante os doce meses anteriores á data da súa solicitude.
 - 2.- Ter realizado actividade laboral durante un tempo mínimo de doce meses nos derradeiros cinco anos.
 - 3.- Carecer de recursos propios.
 - 4.- Participar activamente en itinerarios de inserción laboral.
 - 5.- Estar empadroadado no Concello de Boqueixón no momento de facer a solicitude e acreditar un empadroamento anterior a doce meses en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.
- c) As persoas que acrediten unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, acreditada a través de copia de certificación de minusvalía de EVO, que cumpran os seguintes requisitos:
 - 1.- Ter un nivel de ingresos igual ou inferior a 1,5 veces do valor do IPREM.
 - 2.- Estar empadroadado no Concello de Boqueixón no momento de facer a solicitude e acreditar un empadroamento anterior a doce meses en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.
- d) Con carácter extraordinario, aquelas persoas residentes no Concello de Boqueixón, que a criterio dos Servizos Sociais do concello e atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal, puideran precisar destas axudas.

Artigo 5.- Contía das axudas

1. A contía das axudas fixaranse tomando como referencia o prezo da viaxe sinxela correspondente a un Salto, aboadado mediante Tarxeta Metropolitana de Galicia e explicado no Anexo técnico do Convenio citado no Artigo 2 da presente Ordenanza, na actualidade 0,78 euros, e poderá ser variado, no seu caso, de acordo coas variacións que este prezo poida experimentar durante a vixencia da presente ordenanza.

2. O Concello de Boqueixón subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas maiores de 65 anos que cumpran as condicións explicadas no artigo 4, apartado a) da presente ordenanza, nun cincuenta por cento do seu importe, ata un máximo de vinte viaxes mensuais.

3. O Concello de Boqueixón subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas en situación de desemprego que cumpran os requisitos estipulados no artigo 4, apartado b) da presente ordenanza nun cincuenta por cento do seu importe, ata un máximo de vinte viaxes mensuais.

4. O Concello de Boqueixón subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas con discapacidade que cumpran os requisitos estipulados no artigo 4, apartado c) da presente ordenanza nun cincuenta por cento do seu importe, ata un máximo de vinte viaxes mensuais.

5. No que se refire ás axudas ao transporte concedidas ao colectivo ao que fai referencia o artigo 4 no seu apartado d), a súa contía virá determinada pola proposta de concesión que os Servizos Sociais do concello estimen necesaria tanto no que se refire ao importe da subvención como ao número de viaxes mensuais subvencionables.

Artigo 6.- Duración das axudas

1. Con carácter xeral, esta axudas terán vixencia en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión e serán revisadas aso doce meses da súa concesión, estando obrigado o beneficiario a aportar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polos servizos municipais.

2. Os beneficiarios están obrigados a comunicar de inmediato ao Concello de Boqueixón calquera variación na súa situación persoal que puidera supoñer o incumprimento das condicións que determinaron a súa concesión.

3. Con carácter extraordinario, as axudas concedidas previo informe dos Servizos Sociais do concello terán a vixencia que estes determinen e interromperanse no momento en que previo informe, así o consideren

Artigo 7.- Solicitudes e requisitos

1. As solicitudes para acollerse aos beneficios da TMG Social deberán ser presentadas por Rexistro no concello, mediante a cumprimentación do impreso oficial que o concello habilitará para tal fin, coa excepción das axudas que vaian a ser concedidas ao amparo do disposto no apartado d) do artigo 4 desta ordenanza, que serán tratadas directamente polos Servizos Sociais do concello.

2. O prazo de solicitude estará permanentemente aberto.

3. Con carácter xeral, deberán ir acompañadas de copia do DNI do solicitante e, no caso de non levar empadroadado no Concello de Boqueixón un tempo superior a doce meses, certificado de estar empadroadado en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago nos meses inmediatamente anteriores ata xustificar un mínimo de 12 meses consecutivos en total.

4. O solicitante deberá facilitar o número da súa Tarxeta Metropolitana de Galicia, que deberá adquirir ás súas expensas nos lugares habilitados para tal, para que por parte dos servizos municipais sexa convertida en TMG Social, unha vez aceptada a súa solicitude.

5. Con carácter específico, deberá ser aportada igualmente a seguinte documentación:

- a. As solicitudes formuladas por persoas maiores de 65 anos, ao amparo do disposto no apartado a) do artigo 4, deberán ir acompañadas de:

- Certificado da Seguridade Social, indicando si a persoa solicitante é perceptora de pensión e, de ser así, facendo constar os seu importe.
 - Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.
- b. As solicitudes formuladas por persoas en situación de desemprego ao amparo do disposto no apartado b) do artigo 4, deberán ir acompañadas de:
- Informe de vida laboral
 - Certificación de estar inscrita como demandante de emprego do INEM, indicando o período temporal e si é beneficiario ou non de prestación ou subsidio, con indicación no seu caso, do seu importe.
 - Certificación da Seguridade Social indicando si é perceptora de pensión e, de ser así, facendo constar o seu importe.
 - Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.
 - Certificación de estar participando activamente en itinerarios de inserción laboral.
- c. As solicitudes presentadas por persoas con discapacidade ás que fai referencia o apartado do artigo 14 da presente ordenanza, deberán ir acompañadas de:
- Certificado expedido pola Seguridade Social indicando si é perceptora de pensión e, de ser así, indicación do seu importe.
 - Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.
 - Fotocopia de certificación EVO de minusvalía.
- d. A concesión de axudas ao transporte derivadas do disposto no apartado d) do artigo 4 da presente ordenanza serán tramitadas directamente polos Servizos Sociais municipais, os cales requirirán a documentación xustificativa necesaria en cada momento para a elaboración dun informe documentado que xustifique a súa concesión ou denegación.

Artigo 8.- Concesión das axudas

1. As solicitudes de TMG Social presentadas de conformidade co disposto nos apartados a), b) e c) do artigo 4 desta ordenanza, debidamente xustificadas serán resoltas favorablemente e concedidas nun prazo máximo de tres días, salvo causa de forza maior que o impida.

2. Si se producise algunha denegación, esta deberá ser comunicada por escrito ao interesado, explicando as causas que motivan a súa denegación, dentro do prazo máximo de sete días naturais a contar dende a data de cumprimentación da solicitude. Contra esta decisión, o interesado poderá formular escrito de alegacións dirixido ao señor Alcalde, no prazo de quince días naturais a contar dende a data de notificación da súa denegación, que deberá ser contestado no prazo de sete días naturais a contar dende a data de rexistro do escrito de alegacións.

3. O aboamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas si neste prazo non se solicitaran.

4. As axudas tramitadas polos Servizos Sociais do concello, previo informe de estes e a proposta do responsable da área, serán concedidas polo Alcalde, quen dará conta das concesións á corporación na primeira sesión plenaria posterior á súa concesión.

Artigo 9.- Uso da tarxeta

1. A tarxeta é persoal e intransferible, responsabilizándose o seu titular do seu uso correcto.

2. A Tarxeta deberá ser mostrada ao condutor do autobús e presentada nas máquinas canceladoras dos mesmos.

3. O titular deberá identificarse mediante DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento análogo sempre que sexa requirido para elo polo condutor do autobús, inspectores da compañía de transportes ou persoal do concello debidamente acreditados.

4. O titular da tarxeta está obrigado a mantela en bo estado e a comunicar ao concello a súa perda ou roubo que puidera significar a utilización por persoas non autorizadas para elo. O incumprimento deste deber podería determinar a exixencia de responsabilidades conforme ao réxime sancionador desta ordenanza.

5. O mantemento da situación de beneficiario está condicionada a que o mesmo reúna en todo momento os requisitos esixidos.

6. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.

Artigo 10.- Infraccións

1. Terán a consideración de moi grave e en consecuencia merecentes de sanción as seguintes infraccións:

- a. A utilización da tarxeta por persoa distinta do seu titular, co seu consentimento e sen que medie comunicación ao concello de roubo ou extravío.
- b. A falsificación ou manipulación da documentación aportada no momento da súa solicitude ou renovación.
- c. O comportamento manifestamente inadecuado nos medios de transporte público, tales como comportamentos violentos, groseiros, sexistas, xenófobos, racistas ou cales queira outros denunciados polo persoal dos medios de transporte ou outros pasaxeiros diante do concello, que procederá á apertura das correspondentes dilixencias informativas.
- d. A negativa á presentación do DNI ou identificación persoal suficiente ao condutor do autobús, servizos de inspección da empresa ou persoal acreditado do concello, cando lle fose requirida.

Artigo 11.- Réxime sancionador

1. As actuacións consideradas nesta ordenanza como moi graves, levarán consigo a perda do dereito á obtención da TMG Social por un período de doce meses.
2. A reiteración nestas condutas, suporá a perda definitiva do dereito.

2) Someter este acordo á información pública durante 30 días para a presentación de reclamacións ou suxestións.

7. Informe de morosidade do primeiro trimestre do 2012.

Dáse conta do seguinte informe de tesourería correspondente ao primeiro trimestre do ano 2012 .

a) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade .

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período mediopago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes y Servicios	26,6848	16,295	139	84.267,41	10	126.959,18
Aplicados a Presupuesto (Cap. 2) por artigos	26,6848	16,295	139	84.267,41	10	126.959,18
20.- Arrendamentos e Canons	23	0	2	3.887,43	0	0,00
21.- Reparación Mantemento e Conservación	30	4	37	40.462,18	3	3.385,35
22.- Material Subministro e Outros	25	13	94	39.689,02	6	103.173,83
23.- Indemnización por razón del servizo	32	35	6	228,78	1	20.400,00
24.- Gasto de publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no	0	0	0	0,00	0	0,00

clasificadas						
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao Presuposto						
Inversións reais						
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)						
Pendientes de aplicar a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	26,6848	16,295	139	84.267,41	10	126.959,18

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios	0	0,00
Inversións reais	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0,00
Sen desagregar	0	0,00
Total	0	0,00

Facturas o documentos xustificativos pendientes de	Período medio del pendiente de pago (PMPP)	Período medio del pendiente de pago	Pendientes de pago a final del trimestre	
			Dentro período legal pago a final del trimestre	Fora período legal pago a final del trimestre

pago al final del trimestre	(días)	excedido(P MPPE) (días)	Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Gasto en Bens Corrientes y Servicios	15	0	1	759,00	0	0,00
20.- Arrendamientos y Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantenimiento y Conservación		0			0	0,00
22.- Material Subministro y Otros	15	0	1	759	0	0,00
23.- Indemnización por razón do servizo		0			0	0,00
24.- Gasto de publicaciones	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos e funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL operacións pendentes de pago a final de trimestre	15	0	1	759,00	0	0,00

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendientes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Corrientes en Bens e Servicios	0	0	0,00

Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

b) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- Normativa Aplicable

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- Consideracións

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítase o presente informe: “O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que: *“Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato”*”.

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 xaneiro e 31 de marzo de 2012 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	139	10
Importe total	84.267,41	126.959,18

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
--	---------------------------------	-------------------------------

Número de pagos	1	0
Importe total	759,00	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigaón (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0,00

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- Conclusión

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Boqueixón, 26 de abril de 2012

8. Aprobación do presuposto xeral municipal 2012.

Dáse conta do presuposto xeral municipal para o ano 2012, que ascende tanto en ingresos como en gastos a 3.271.130,05 euros e que foi informado favorablemente na Comisión de Contas que tivo lugar o día 30 de abril de 2012.

Sen máis, cos votos a favor dos representantes do Partido Popular e en contra dos representantes do PS de G e do BNG, acórdase:

- 1) Aprobar o presuposto xeral para o ano 2012 do que o seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

Estado de Gastos

Concello de Boqueixón

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Gastos de persoal	1.324.699,24 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.027.596,65 €
3	Gastos Financeiros	29.853,32 €

4	Transferencias Correntes	285.853,65 €
	Total.....	2.668.002,86
B/ Operacións de Capital		
6	Inversións Reais	537.571,63
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	10.000,00
9	Pasivos Financeiros	55.555,56
	Total.....	603.127,19
	Total presuposto de gastos	3.271.130,05 €

Estado de Ingresos
Concello de Boqueixón

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Impostos directos	747.106,21 €
2	Impostos indirectos	50.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	277.000,39 €
4	Transferencias correntes	1.718.565,54 €

5	Ingresos patrimoniais	13.000,00 €
Total.....		2.805.672,14 €
B/ Operacións de Capital		
6	Alleamento de inversións reais	- €
7	Transferencias de capital	459.162,47 €
8	Activos financeiros	6.295,44 €
9	Pasivos financeiros	- €
Total.....		465.457,91 €
Total presuposto de ingresos		3.271.130,05 €

2) Aprobar as bases de execución do presuposto.

3) Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe :

CADRO DE PERSOAL 2012				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
HABILITACION NACIONAL				
1	Secretaria	A-1	28	Propiedade
ADMINISTRACIÓN XERAL				
1	Administrativo	C-1	22	Propiedade
4	Administrativos/as	C-1	20	Propiedade
1	Administrativo	C-1	20	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	24	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	24	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	24	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Propiedade
1	Técnico Auxliar de Urbanismo	C-1	20	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
LABORAL FIXO				
1	Monitor Deportivo	C-2		Propiedade

1	Conserxe	A.P	Propiedade
1	Conductor recolledor do lixo	C-2	Propiedade
1	Capataz de servizos	C-2	Propiedade
2	Oficiais de servizos	C-2	Propiedade
2	Operarias de limpeza	A.P	Propiedade
LABORAL TEMPORAL			
8	Peóns de servizos (Grumir)		
1	Dinamizador social		
1	Auxiliar de deportes		
1	Operario de limpeza		
1	Educadora Familiar		
1	Conserxe		
6	Traballadoras da Escola Infantil		
4	Operarios de servizos		
PERSOAL DE GOBERNO			
1	Tenente alcalde		Adicación exclusiva
1	Alcalde		Adicación exclusiva

9. Aprobación dos nomes de rúas na parroquia de Lestedo.

O crecemento que a parroquia de Lestedo ten experimentado nos últimos anos fixo que se tivesen que construír novas vías urbanas para dar servizo ás novas vivendas, así como mellorar e habilitar rúas xa existentes.

Isto trouxo como consecuencia unha nova estrutura da parroquia, á que lle hai que dar unha resposta, a fin de solucionar os problemas que na actualidade teñen os servizos de correos e paquetería para atopar unha dirección concreta.

Por todo isto, o concello dispón distribuír os principais núcleos de poboación en rúas nomeadas.

O concello de Boqueixón ten realizado unha consulta entre os propios veciños da parroquia de Lestedo, para que fosen eles os que propuxeran os nomes das rúas, atendendo sobre todo a criterios como son a tradición ou os veciños que se destacasen polo seu traballo comunitario.

Na consulta participaron un total de 27 veciños, e as propostas foron as seguintes:

Nome proposto	Votos	Nome proposto	Votos
Mestre Don Rosendo	5	Xabugás	1
Cura Pedro Ballesteros	5	Gregorio Ferro	1
Raíña Lupa	4	Río Pereiro	1
Mestre Manuel Gacio	4	Bos Aires	1
Hixinio Ansemil	4	Monte Ilicino	1
Pico Sacro	3	Da Morriña	1
Sacristán Daniel Silva	2	Vinteseis	1
Tucho Quinteiro	2	Pazo da Feira	1

Manuel Rodeiro	2	Cooperativa Leiteira	1
Isaac Vázquez	2	Rebordelo	1
Das Filloas	2	Manuel Freiría	1
Castrelo	2	Mare Eterna	1
Antonio Barros	2	Manuel Vázquez Fuentes	1
Magnolios	1	Os Irmandiños	1
Benigno Mougán	1	Carmiña Barreiro	1
Capela de Lourdes	1	Lino Tejo	1
Fáisca	1	Covas do Pico	1
Pepe de Xaquín	1	San Sebastián Mártir	1
Cura Granxa	1	Nosa Señora de Lourdes	1
Crespo	1	Antonio Canabal García	1
Burato dos Mouros	1	Ramil	1
Fervenza de Ramil	1	Buen Pastor	1
Santa María	1	O Pontillón	1

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase constituír unha comisión para acordar, en base ás propostas dos veciños, nomear as novas rúas de Lestedo.

10. Concesión da medalla de ouro ao mérito empresarial a don José Santos Couto e a don Orlando Vázquez Fernández.

O Sr. alcalde di que estas dúas persoas son merecedoras de ser propostas para as medallas do mérito empresarial do concello e que os seu méritos son coñecidos por todos os veciños do concello.

Procédese coa votación e por unanimidade, acórdase conceder as medalla de ouro ao mérito empresarial a don José Santos Couto e a don Orlando Vázquez Fernández.

11. Mocións números 1225, 1226, 1227 e 1228 do BNG.

A) Moción núm. 1225: do grupo BNG.

Exposición de motivos:

Nestes días, tiven algunha reflexión interesante con algún veciño do concello en relación co horario da escola infantil municipal, con moito fundamento.

Argumentábanme, como é certo, que o horario da escola infantil era de 8 da mañá ás 20.00 horas, e que para os veciños que teñan un horario de traballo con inicio ás 8 da mañá (un horario moi estendido de inicio da xornada laboral) ou para aqueles que rematen ás 8 da tarde, o horario da gardería non se axustaba ás necesidades para a conciliación familiar cos horarios laborais.

E por iso que en moitas ocasións os pais teñen que dispor doutras persoas (moitas veces familiares) para levar aos nenos á escola infantil ou para ir buscalos, por clara incompatibilidade de horarios.

Tendo en conta estas situacións (que cuantitativamente non podo precisar), resulta coherente buscar unha compatibilización de horarios da gardería cos horarios laborais máis estendidos. Por iso, resultaría razoable, ver a posibilidade de adiantar media hora os horarios de entrada e retrasar outra media os de saída.

É por iso polo que someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Ver a posibilidade de incrementar os horarios da gardería unha hora diaria, distribuída media hora pola mañá (apertura ás 7 e media) e retrasar media hora pola tarde (peche ás 20.30 h) tentando conciliar os horarios da gardería cos horarios laborais dos pais.

O alcalde sinala que é escaso o número de alumnos que están na escola infantil municipal en horario de tarde e que si se aproba a moción é posible que haxa que contratar máis persoal de apoio, polo que aumentarían os gastos de explotación

O Sr. Canabal di que entón retira a moción (ata o vindeiro pleno) para que poida estudarse un informe das consecuencias que podería supoñer este aumento, e que será elaborado pola directora da escola infantil municipal.

B) Moción núm. 1226: do grupo BNG.

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas estase efectuando o pintado (e o remate?) nas obras executadas na travesía de Rodiño, e vexo, modestamente e dende o meu punto de vista, que estas obras non van servir para dotar a travesía de sendeiros peonís suficientes, tendo en conta que esta travesía é bastante transitada por peóns, tendo un tráfico moi denso a certas horas do día e en algúns días da semana, aparte doutros problemas que xa están a presentar estas obras.

En relacións ás dúas semirondas deseñadas (a que conflúe coa estrada de Aríns e a que conflúe coa estrada de Lamas – Vigo – Loureda), podemos ver xa como existen marcas de rodas dos vehículos por riba dos bordos pavimentados. Non fai falta ser enxeñeiro de camiños para ver que se un camión entra da dirección de Santiago, para virar e entrar na estrada de Aríns e mesmo na estrada municipal de Lamas – Vigo – Loureda, resulta imposible a viraxe.

Ademais, en relación ás sendas peonís, o lóxico sería dotalas en todo o traxecto da estrada, dende a confluencia da estrada coa de Aríns ata o Feal, cousa que non foi realizada.

Do mesmo xeito, non temos coñecemento da colocación de dispositivos que reduzan a velocidade, polo que de non colocarse algún, a travesía sería realmente perigosa, e as obras realizadas nos dous últimos anos, sinceramente, non terían ningún senso.

E por iso polo que someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo :

- Trasladar á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas as eivas detectadas na presente obra, ao fin de que se realice unha corrección en relación aos sendeiros peonís, ás dúas semirondas construídas, e á colocación de dispositivos reguladores da velocidade.

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase aprobar a moción do BNG, coas incorporacións dos concelleiros Sr. Mouriño e Sr. Santasmarinas.

C) Moción núm. 1227: do grupo BNG.

Exposición de motivos

No pleno do 29 de novembro de 2005, o BNG facía alusión nunha moción aprobada por unanimidade pola Corporación de Boqueixón, relativa a certas carencias existentes nas infraestruturas relacionadas coas TIC no noso Concello, tendo en conta que se trataba dun concello a apenas 7 quilómetros da capital de Galicia.

Deste xeito, o pleno da corporación de Boqueixón aprobaba por unanimidade os seguintes puntos a instancias do BNG.

1. Concello de Boqueixón comprométese a negociar coas empresas que operan no noso Concello para adaptar á banda ancha todas as centralitas telefónicas.
2. Urxe que as centralitas que dan cobertura aos núcleos das parroquias de Boqueixón e Camporrapado dispoñan deste servizo de banda ancha longo do 2006.
3. Sumarse a tódalas queixas presentadas polos veciños.
4. Remitir copia da moción aos organismos competentes da Xunta de Galicia, para informarlle das carencias en materia de infraestruturas que sofre o noso concello, situado a sete quilómetros da capital de Galicia.

Sete anos despois, o Concello de Boqueixón segue a sufrir grandes carencias en dotacións relacionadas coas TIC, das que destaco algúns exemplos:

- Non hai cobertura 3G na propia Casa do Concello.
- Diversos operadores móbiles non teñen cobertura na zona norte do concello. En concreto, a operadora Vodafone non dispón de cobertura na zona de Rodiño, Lamas e Vigo.
- Segue habendo algún centro cultural do Concello sen conexión telefónica

O uso das novas tecnoloxías da información e comunicación son cada vez máis empregadas pola totalidade dos veciños, e a fenda que existe en Boqueixón, no canto de emendarse, segue agravándose.

É por iso que cumpriría non só reclamar certas melloras ás operadoras (parece que nos estamos dotando dalgunha nova centraliña), senón tamén un pequeno esforzo por parte do concello para facilitarlle o uso das TIC aos veciños de Boqueixón.

Neste senso, e tendo en conta que contamos con centros culturais en todas as parroquias do concello, unha forma de dotalos de maior contido, sería a disposición nestes centros,

e das asociacións que traballan no tecido asociativo do concello de redes wifi que permitira aos veciños a conexión á Rede gratuíta a través de dispositivos colocados nestes centros para o seu uso, como de dispositivos particulares como poden ser portátiles e outros dispositivos móbiles. E todo isto é un investimento realmente ínfimo que non afectaría ás arcas do concello, posto que se trataría de ter unha rede wifi aberta en cada local sociocultural do concello, e tamén na propia casa consistorial.

E por iso polo que someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- Urxir que as compañías de telefonía para que dean cobertura 3G en todo o territorio do Concello.
- Establecer en todos os centros socioculturais do concello a disposición dalgún ordenador con rede, e a dotación de todos os centros de rede wifi aberta para o uso por parte do tecido asociativo e dos veciños en xeral.

Procedese coa votación e por unanimidade, apróbase a moción .

D) Moción núm. 1228: do grupo BNG.

Exposición de motivos

No pleno da Corporación de Boqueixón celebrado o 13 de xullo de 2011, aprobouse, cos votos a favor de PSOE e PP, e en contra do BNG, a dedicación exclusiva do alcalde. Para a previsión deste soldo, a xustificación do alcalde e do informe asinado por Anselmo Caeiro, as retribucións calculábanse en base ás retribucións que o alcalde percibiría si se dedicara ao ensino, xunto co nivel de complemento de destino, que supostamente lle correspondía, como cargo político (equivalente ao director xeral), tal como se regulaba no artigo 55.4 do Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

É dicir, a xustificación do soldo viña marcada:

- En base ás retribucións de profesor de secundaria.
- Os trienios e sexenios correspondentes.
- Ao polémico “plus de altos cargos”, é dicir o nivel de complemento de destino que supostamente lle correspondía como ex cargo político na Consellaría de Sanidade, na súa etapa como persoal de gabinete.

Xa no seu día, e á acta me remito, xustifiquei o voto en contra en base a varios argumentos que quero plasmar de novo na exposición de motivos da moción que presento:

Primeiro: Hai que ter en conta que ao non dedicarse en exclusiva ao ensino, non tería dereito aos sexenios (si aos trienios).

Segundo: Vista a proposta, e xa que ao alcalde lle gusta tanto facer comparacións, o alcalde de Boqueixón ten un soldo superior ao do alcalde de Ferrol.

Terceiro: Repasando tamén outros soldos dalgunhas vilas de moito maior tamaño, dicir que o alcalde de Boqueixón cobra máis que o alcalde de Teo, cunha poboación que case multiplica por 5 a poboación de Boqueixón. Cobra tamén máis que o alcalde de Rianxo ou Carballo.

Cuarto: En canto a concellos de tamaños similares, no caso de Carnota (aínda que con máis de 5.000 habitantes), alí o alcalde, atendendo á política de austeridade, rebaixouse o soldo un 67% en relación ao que cobraba o anterior alcalde do PP. No caso de Vedra

(o mesmo que Carnota, con máis de 5.000 habitantes), o alcalde ten un soldo de 26.900 euros.

Quinto: En canto ao número de dedicacións exclusivas, outro dos temas tamén manidos nesta corporación, e ao que o BNG sempre se manifestou en contra de que haxa máis dunha (a do alcalde), tendo en conta a cantidade en gasto de persoal existente na actualidade, pode verse que concellos máis grandes que Boqueixón teñen o mesmo ou mesmo menores dedicacións: Rianxo: 2 dedicacións , Carnota: 1 dedicación, Vedra: 2 dedicacións , pero cun custo menor destas dúas... Tamén é certo, e así mo recordaron varias veces no que vai de mandato, que Teo ten 5 dedicacións, aínda que para facer unha análise máis obxectiva dicir que as 5 dedicacións de Teo custan en torno aos 8 €/habitante, mentres en Boqueixón superan os 22 €/habitante. A razón é significativa.

En fin, a argumentación do voto en contra na sesión plenaria do 13 de xullo de 2011, baseouse na inxustificada aplicación de dúas dedicacións exclusivas nun concello con 4.400 habitantes, xestionando 3,5 millóns de euros de orzamentos, e cun amplo plantel de traballadores, tendo en conta que os concelleiros da corporación municipal custemos ao ano arredor de 120.000 € (sen ter en conta desprazamentos, manutención...).

Tendo en conta, asemade, a situación actual, a eliminación do controvertido “plus de altos cargos” , por parte do goberno galego como unha das medidas “anticrise”, tendo en conta de igual maneira, que parece “dubidoso” que ao Sr. alcalde lle correspondera este plus, posto que o seu paso pola Administración Galega foi como persoal de gabinete e non como “alto cargo en sensu estricto”. Concluindo, polas súas declaracións do 1 de marzo de 2012, que o alcalde é un home profundamente comprometido e disciplinado co Partido Popular, temos que concluir, que por coherencia, o seu soldo se debe regularizar en base á xustificación que no seu día se presentou para a aprobación da exclusiva.

Tendo en conta a proposta da alcaldía do 13 de xullo de 2011 (recollida nas retribucións da primeira columna do presente cadro, e a situación dos profesionais do ensino, recollida na segunda columna do presente cadro

NÓMINAS ENSINO

Nómina Mensual	CÁLCULOS ALCALDE	CÁLCULOS REAIS
Salario	958,98 €	958,98 €
Trienios	347,70 €	347,70 €
Complemento destino	1.151,23 €	582,92 €
Complemento específico	428,16 €	539,29 €
Sexenios	422,97 €	
Salario Bruto Mensual	3.309,04 €	2.428,89 €

Pagas extra xuño	CÁLCULOS ALCALDE	CÁLCULOS REAIS

Salario	699,38 €	699,38 €
Trienios	253,50 €	253,50 €
Complemento destino	1.151,23 €	582,92 €
Complemento específico	439,66 €	539,29 €
Sexenios	422,97 €	
Salario bruto extra xuño	2.966,74 €	2.075,09 €

Paga extra decembro	CÁLCULOS ALCALDE	CÁLCULOS REAIS
Salario	699,38 €	699,38 €
Trienios	253,50 €	253,50 €
Complemento destino	1.151,23 €	582,92 €
Complemento específico	439,66 €	539,29 €
Sexenios	422,97 €	
Salario bruto extra decembro	2.966,74 €	2.075,09 €

	CÁLCULOS ALCALDE	CÁLCULOS REAIS
Salario bruto anual 2011	45.641,96 €	33.296,86 €

Trienios	10
Sexenios	5

E por iso polo que someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo :

- Regularizar o soldo do alcalde, segundo as retribucións que percibiría como profesor, e baixar o salario bruto dos 45.641,96 € propostos no pleno municipal do 13 de xullo de 2011 aos 33.296,86 € que lle corresponderían se fose profesor.

O Sr. alcalde di que esta moción é demagóxica e que el só quere cobrar no concello o que lle correspondería como profesor. Polo tanto, propón pedir un informe á consellería de Educación para consultar cal sería o salario que lle correspondería si se reincorporase ás súas funcións coma docente.

O Sr. Canabal acepta retirar a moción á espera do informe proposto polo alcalde.

12. Información da alcaldía.

Dáse conta dos Decretos habidos desde 12/03/2012 ata o 30/04/2012.

13. Rogos e Preguntas.

O señor Canabal fai as seguintes preguntas:

En relación á construción dun tanatorio en Camporrapado e Lestedo. Nas últimas semanas temos escoitado que o Concello ten prantexado a construción dun tanatorio na casa de cultura de Camporrapado. Visto que nos orzamentos do presente ano non vemos ningunha actuación que nos leve a concluír esta obra, descoñecemos.

Por outro lado, no documento de aprobación inicial do PXOM, si se fai unha reserva de chan dotacional no entorno da Igrexa de Lestedo para a construción dun tanatorio, sen saber de momento o modelo de explotación prantexado.

Tendo en conta a preocupación que amosan os veciños, presento as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito no pleno ordinario do 9 de maio de 2012.

1. Ten prantexado o Concello de Boqueixón a construción dun Tanatorio na Casa da Cultura de Camporrapado?

Responde o sr. alcalde que está en estudo. Non hai nada definitivo.

2. En caso de ser así, que método de explotación se empregará? Quen construírá o Tanatorio? Cales son as condicións impostas polo concello? Considera o alcalde positivo compartir a casa da cultura de Camporrapado coa actividade dun tanatorio?

Responde o sr. alcalde que a explotación será a través de concesión (con publicación). O tanatorio será construído pola empresa que resulte seleccionada a través do concurso.

As condicións impostas polo concello están en estudo pero serán debatidas polos tres grupos presentes no concello.

Por último dicir que tras a reunión que tivo lugar na casa da cultura en Camporrapado, no mes de marzo, ninguén se opuxo a compartir a actividade (Asistiron 80 persoas).

3. En canto á dotación dun chan dotacional para a construción dun tanatorio no entorno da Igrexa de Lestedo:

a) Ten feito o concello algún tipo de xestión para a construción do tanatorio en Lestedo?

Responde o sr. alcalde que non, pero existe no plan xeral unha zona de dotación de servizos.

b) Transferiu a Consellaría do Medio Rural e do Mar a finca ao Concello de Boqueixón?

Responde o Sr. alcalde que está en trámite.

Preguntas en relación á plataforma “Boqueixón Actúa”.

No día de onte recibín unhas preguntas rexistradas pola portavoz da Plataforma Veciñal Boqueixón Actúa, Silvia Suárez Lodeiro. Posto que a portavoz da plataforma está entre o público hoxe, solicito ao Sr. alcalde que lle dea a palabra e que nos remita as súas consideracións a todos os membros da corporación.

O alcalde di que as preguntas son por escrito e que lle vai a contestar tamén por escrito nos vindeiros días.

O Sr. Canabal di que como concelleiro da corporación tomo o rexistro como meu, e fago tamén as mesmas preguntas para que consten na acta do presente pleno, e así vostede ten a obriga de responder no vindeiro pleno ordinario.

- 1) En qué medida vai a afectar ós veciños e veciñas deste concello a posible absorción do mesmo por parte de Santiago?
- 2) Vendo como están as zonas rurais de Santiago ¿qué estudos fixo o concello para que o alcalde se animase a iniciar pola súa conta as xestións pertinentes para que se levase a cabo dita absorción?
- 3) A día de hoxe, ademais do que se comenta na prensa ¿hai algunha outra xestión feita con respecto a este tema?

O Sr. Calvelo fai os seguintes rogos:

1) Que se lle pida ao Xacobeo que se mellore a sinalización da Vía da Prata ao seu paso por Lestedo xa que as sinais son confusas e causan a perda de moitos peregrinos.

2) Que se melloren os accesos a Rebordaos, nomeadamente que se amplíe a curva que da acceso á aldea.

O Sr. alcalde explica que as obras xa se iniciaron e que só falta ampliar a curva, xa que hai que cortar varias árbores que impiden seguir coas obras. Os veciños xa deron o seu consentimento e agora estase esperando que o empresario que comprou a madeira proceda á corta.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretario en funcións.

Vº e praxe

O secretario en funcións

O presidente